

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DÍA TRINTA DE MARZO DE DOUS MIL DEZASETE.**

En Paradelas, a trinta de marzo de 2017

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, sendo as trece horas e dous minutos, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en sesión ordinaria, baixo a Presidencia do Alcalde, D. José Manuel Mato Díaz e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D<sup>a</sup> SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO
- D. GUILLERMO CASTRO GONZÁLEZ
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> MONTSERRAT MULET SAR
- D. MARTÍN LÓPEZ LÓPEZ
- D<sup>a</sup> ANA BELÉN LÓPEZ ÁLVAREZ
- D. BENJAMÍN LÓPEZ MATO
- D. MANUEL REGUEIRO LÓPEZ
- D. JESÚS PABLO LÓPEZ GONZÁLEZ

Asiste o Secretario-Interventor da Corporación, José López González, que da fe do acto.

A continuación procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O PASADO VINTE E SEIS DE XANEIRO DE 2017.**

Polo Sr. Alcalde, que preside a sesión, procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta, da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 26 de xaneiro de 2017 da que as minutas foron distribuídas coa convocatoria, todo ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Sometése a aprobación da acta, da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 26 de xaneiro de 2017. O resultado foi de aprobación pola unanimidade dos nove Concelleiros presentes na sesión, sendo este o seu número legal de membros.

**2º. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIONS DE ALCALDÍA.**

Neste punto da orde do día, procedeuse a dar conta das distintas Resolucións de Alcaldía emitidas dende o derradeiro Pleno, postas a disposición dos concelleiros, xunto coa restante documentación sometida a exame plenario. (Dende o 2017-0006 ao 2017-0041).

O Pleno dase por enterado.

**3º.- DACIÓN DE CONTA, DA LIQUIDACIÓN DO EXERCICIO 2016.**

Deuse conta do decreto de 2 de febreiro de 2017 que se transcribe a

continuación:

De acordo co establecido nos arts. 191 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, 89 e seguintes do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e o disposto nas Regras 66 e seguintes da Orde EHA/4042/2004, do 23 de novembro, polo que se aproba a Instrucción do modelo simplificado de contabilidade local, se procedeu ao peche e liquidación do Orzamento xeral municipal para o exercicio 2016, poñéndose de manifesto os seguintes resultados:

**RESULTADO PRESUPOSTARIO**

Dereitos recoñecidos netos(+)	1.580.016,72 €
Obrigas recoñecidas netas(-)	1.502.205,86 €
<b>Resultado presupostario</b>	<b>77.810,86 €</b>
Gastos financiados con remanente de tesourería para gastos xerais (+)	
Desviacións de financiamento negativas (+)	39.581,72 €
Desviacións de financiamientos positivas(-)	6.991,17 €
<b>Resultado presupostario axustado</b>	<b>110.401,41 €</b>

**REMANENTE DE TESOURERÍA**

1. (+) Fondos líquidos en tesourería ó peche do exercicio	51.069,78 €
2. (+) Deudores pendentes de cobro ao remate do exercicio	381.757,20 €
De orzamento de ingresos. Exercicio corrente	248.181,24 €
De orzamento de ingresos. Presupostos pechados	133.481,58 €
De operacións comerciais	0,00 €
De outras operacións non orzamentarias	94,38 €
3. (-) Acreedores pendentes de pago ao peche do exercicio	153.626,68 €
De orzamento de gastos. Exercicio corrente	125.447,24 €
De orzamento de gastos. Exercicios pechados	0,00 €
De outras operacións non orzamentarias	28.179,44 €
4.- Partidas pendentes de aplicación	- 4.424,68 €
(-) Cobros realizados pendientes de aplicación definitiva	- 4.424,68 €
(+) Pagos realizados pendientes de aplicación definitiva	0,00 €
<b>I. Remanente de tesourería total (1-2+3-4)</b>	<b>274.775,62 €</b>
<b>II. Saldos de dudoso cobro</b>	<b>57.176,76 €</b>
<b>III. Exceso de financiación afectada</b>	<b>6.991,97 €</b>
<b>IV. Remanente de tesourería para gastos xerais (I-II-III)</b>	<b>210.607,69 €</b>

**REMANENTES DE CRÉDITO:**

De conformidade co disposto nas regras 37 e seguintes da Orde EHA/4042/2004, do 23 de novembro, os remanentes de crédito ascenden a cantidade de: 194.655,28 €, atopándose os mesmos na seguinte situación:

**REMANENTES DE CREDITO**

1.- Presuposto definitivo	1.679.043,14
2.- Obrigas recoñecidas netas	1.502.205,86



## Concello de Paradela

3.- Remanente de Crédito.....	176.837,28
4.- Remanentes comprometidos.....	63.220,08
Incorporables.....	63.220,08
Non incorporables.....	0,00
5.- Remanentes non comprometidos .....	113.617,20
Incorporables.....	12.835,34
Non incorporables.....	100.781,86

Tendo en conta o establecido na normativa citada e o contido no informe da Secretaría-Intervención de data 31 de xaneiro de 2016, en uso das facultades conferidas polos artigos 191.3º e 193. 4º e 5º do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, por medio da presente **RESOLVO**:

**PRIMEIRO.-** Prestar aprobación á liquidación do orzamento xeral municipal para o exercicio 2016, nos termos anteriormente expresados.

**SEGUNDO.-** Declarar coma remanentes comprometidos incorporables:

- Da partida 453.619 para Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2016. “Acondicionamento e rexeneración de camiños en Laxe, Moutrás, Vilachá, Tremeado, Bariz, Liz e Paradedes de Arriba”; 63.220,08 €.

**TERCEIRO.-** Declarar coma remanentes non comprometidos incorporables:

- Da partida 241.160 para gastos de persoal Peóns Programa Aprot Rural; 8.608,32 €.

- Da partida 241.160 para cotas seguridade social persoal Peóns Programa Aprot Rural; 4.227,02 €.

**CUARTO.-** Remitir copia da liquidación que se aproba ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

**QUINTO.-** Dar conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre.

En Paradela, a 2 de febreiro de 2017. O Alcalde-Presidente, Asdo.: José Manuel Mato Díaz. Documento asinado dixitalmente ao marxe”.

O Pleno dase por enterado.

### **4º.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, REGLA DE GASTO E NIVEL DE DÉBEDA NA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2016.**

Por parte do Secretario-Interventor, douse conta, facendo unha explicación ao respecto do informe emitido en data 1 de febreiro de 2017, que se transcribe a continuación:

### **“INFORME DE EVALUACIÓN DO CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, REGLA DE GASTO E NIVEL DE DÉBEDA NA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2016.**

Con motivo da aprobación da liquidación do orzamento 2016 e en cumprimento



do previsto no artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Reglamenteo de desenvolvemento da Lei de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás Entidades Locais, así como do disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostibilidade Financeira, emito o seguinte INFORME:

## **ESTABILIDADE ORZAMENTARIA**

### **1.- Lexislación aplicable**

- Reglamentos (CE) Nº 2223/96, 2516/2000, 2558/2001 e 1221/2002 do Consello da Unión Europea, relativos ao sistema de constas nacionais e rexionais (SEC 95).

- Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

- RD 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da lei 18/2001, do 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais. (RLEO)

- RDL 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais. (TRLFL)

- Manual de cálculo do déficit na contabilidade nacional adaptado ás corporacións locais.

A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira da cumprimento o mandato constitucional establecido no artigo 135 que consagra a garantía da estabilidade orzamentaria como unha das claves da política económica do Estado Español. En setembro de 2011 reformouse o texto constitucional introducindo ó máximo nivel normativo do noso ordenamento xurídico unha regra fiscal que limita o déficit público de carácter estrutural e limita a débeda pública ó valor de referencia do Tratado de Funcionamento da Unión Europea. A citada norma xa foi modificada pola Lei Orgánica 4/2012, de 28 de setembro.

### **2.- Obxectivo de estabilidade**

O Consello de Ministros con data 10 de xullo de 2015 estableceu o obxectivo de estabilidade orzamentaria para o trienio 2016-2018 en termos de capacidade ou necesidade de financiación de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Cuentas Nacionais y Regionales, que estima un déficit para as entidades locais do 0,0 por 100 en 2016, un 0,0 por 100 en 2017 e un 0,0 por 100 en 2018 (en porcentaxe de PIB).

A elaboración, aprobación e execución dos Presupostos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos dos entes que forman o sector público, entre eles, as Corporacións Locais, realizarase nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea. Enténdese por estabilidade orzamentaria (artigo 3 LOEOSF) das Administracións Públicas a situación de equilibrio ou superávit estrutural. Ningunha Administración Pública poderá incurrir en déficit estrutural, definido como déficit axustado do ciclo, neto de medidas excepcionais e temporais. Segundo o artigo 11.4 “as Corporacións Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit presupostario”.

Simplificando, o volumen da débeda non pode aumentar, como máximo debe permanecer constante. Supón que nos orzamentos municipais o endebedamento anual

neto (endebedamento–amortizacións) debe ser cero. De maneira máis rigurosa, que as variacións de pasivos e activos financeiros debe estar equilibrada.

Para os entes non sometidos a réxime orzamentario considérase desequilibrio cando, dacordo cos criterios do plan de contabilidade que lles resulte aplicable, dos seus estados económicos se deduza que incurrir en perdas e requiran para seu saneamento da dotación de recursos non previstos no escenario de estabilidade da entidade das do apartado anterior que lle toque aportalos, e deberán ser obxecto dun informe individualizado.

### **3.- Principio de estabilidade orzamentaria**

Establece o artigo 2 da LOEPSF que “ós efectos da presente lei, o **sector público** considérase integrado polas seguintes unidades: as **corporacións locais.....**”. Pola súa banda o artigo 3 determina que a elaboración, aprobación e execución dos Presupostos e demais actuacións que afecten ós gastos ou ingresos dos entes que forman o sector público, entre eles, as Corporacións Locais, realizarase nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea. Entenderase por estabilidade orzamentaria das administracións públicas a situación de equilibrio ou superávit estrutural.

O artigo 11 establece a instrumentación do principio de estabilidade orzamentaria, así, as entidades locais deben axustar seus orzamentos ó principio de estabilidade orzamentaria “A elaboración, aprobación e execución dos orzamentos e demais actuacións que afecten os gastos ou ingresos das administracións públicas e demais entidades que forman parte do sector público someteranse ao principio de estabilidade orzamentaria”, “ningunha Administración pública poderá incurrir en déficit estrutural, definido como déficit axustado do ciclo, neto de medidas excepcionais e temporais”, “as corporacións locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 4 do Regulamento cando establece que “as entidades locais.... aprobarán, executarán e **liquidarán** os seus presupostos consolidados axustándose ó principio de estabilidade...”.

En suma, entenderase por estabilidade orzamentaria a situación de equilibrio ou de superávit, computada en termos de capacidade de financiación dacordo ca definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC95), é dicir, a existencia dun equilibrio en termos de presupostación, execución e liquidación, entre os **ingresos de natureza non financeira e os gastos da mesma natureza**, de modo que se os ingresos son superiores ós gastos estaremos nunha situación de equilibrio (capacidade de financiación), polo contrario, se os gastos superan ós ingresos estaremos ante unha situación de desequilibrio (necesidade de financiación).

### **4.- Verificación do cumprimento**

Segundo o artigo 15 do Regulamento, “se entenderá cumprido el objetivo de estabilidad cuando los presupuestos iniciales o, en su caso, modificados....de los sujetos incluídos en el artículo 4.1 del presente reglamento, alcancen, una vez consolidados, y en términos de capacidad de financiación, de acuerdo con la definición contenida en el Sistema Europeo de Cuentas Nacionales y Regionales, el objetivo de equilibrio o superávit establecido para las restantes entidades locales”.

Sentado o anterior, xenericamente, poderíamos dicir que a estabilidade orzamentaria a calculamos como a diferenza entre ingresos e gastos non financeiros, isto é, dos capítulos I ao VII do estado de ingresos e capítulos I, II, III, IV, VI e VII do de gastos, de tal xeito que si o resultado é **igual ou positivo** se estará en “**estabilidade**” pero, si pola contra, é negativo, resulta un desequilibrio e necesidade de financiamento que, leva consigo a remisión do dito informe. Pero ademáis, tamén se deberá facer unha comparativa entre os capítulos VIII e IX de ingresos cos capítulos VIII e IX de gastos, pois o art. 16.2 (terceiro parágrafo) do regulamento indica que “.....detallar los cálculos efectuados y los ajustes practicados sobre la base de los datos de los capítulos 1 a 9 de los estados de gastos e ingresos presupuestarios, en términos de contabilidad nacional, según el Sistema Europeo de Cuentas Nacionales y Regionales (SEC95)”.

Así pois aplicando a **PRIMEIRA FÓRMULA** (cap. 1-7 ingresos – cap. 1-7 gastos) tomamos para realizar os cálculos os dereitos e obrigas recoñecidas durante o exercicio 2016, sendo a situación do Concello de Paradela a seguinte:

Cap	Denominación	DR netos	Ca p	Denominación	OR netas
1	Impostos directos	352.442,92	1	Gastos persoal	436.733,41
2	Impostos indirectos	50.467,76	2	Gastos bens correntes	463.839,49
3	Taxas e outros ingresos	133.362,90	3	Gastos financeiros	2.052,14
4	Transferencias correntes	731.269,83	4	Transferencias correntes	31.856,45
5	Ingresos patrimoniais	1.341,67			
6	Alleam. Investim. reais	0,00	6	Investimentos reais	540.942,91
7	Transferencias de capital	311.131,64	7	Transferencias de capital	0,00
		<b>1.580.016,72</b>			<b>1.475.424,40</b>
<b>Capacidade-necesidade de financiación</b>					<b>104.592,32</b>

Non obstante, e tendo en conta que a capacidade/necesidade de financiamento debe analizarse tendo en conta o **Sistema Europeo de Cuentas Nacionales y Regionales (SEC95)**, deben realizarse os axustes especificados pola Intervención Xeral do Estado no Manual publicado para o cálculo do déficit en contabilidade nacional adaptado ás Corporacións Locais, que, por lo que se refire a este Concello de Paradela serían os seguintes:

#### 1.- AXUSTES NO ESTADO DE INGRESOS.-

**A) Ingresos fiscais e asimilados.-** Debemos axustar os dereitos recoñecidos nos capítulos 1, 2 e 3 de ingresos, aplicando o criterio de caixa, isto é, o axuste ven determinado pola diferenza entre os dereitos recoñecidos pola Corporación e a recadación total en caixa correspondente ós citados ingresos, tanto de orzamento corrente como de exercicios pechados. Se o importe de tales dereitos recoñecidos supera o valor dos cobros, efectuarase un axuste negativo que incrementará o déficit público, polo contrario, se a contía dos dereitos recoñecidos é inferior ó importe dos cobros, o axuste será positivo, diminuindo o déficit. O importe total recadado polo Concello durante o exercicio 2016 ascendeu a 447.957,68 (306.784,03 capítulo 1, 50.467,76 capítulo 2 e 90.705,89 do capítulo 3) en corrente e 115.906,17 euros en

pechados (73.877,96 do capítulo 1 e 42.028,21 do capítulo 2), o que suma un total de 563.863,85 euros. Os dereitos recoñecidos nestes capítulos ascendían a un total de 536.273,58 euros, polo que a diferenza **debe axustarse á ALTA por importe de 27.590,27** (+ 28.219,07 do capítulo 1; -628,80 € do capítulo 3).

**B) Participación nos tributos do Estado.**- Debemos computar as entregas a conta e a liquidación definitiva do exercicio satisfeitas polo Estado a favor do Concello durante o exercicio 2016. As diferenzas poden vir motivadas polo desfase nas comunicacións que teñen entrada no Concello no exercicio seguinte á data do recoñecemento do pago pola Administración do Estado, así, axustamos á alza por aquelas cantidades correspondentes ó concepto sinalado que non fosen recoñecidas no 2016 por descoñecemento dos datos a 31/12/16 ou ben en senso contrario axustaremos á baixa polos dereitos recoñecidos correspondentes ao 2015, pero imputados a este orzamento por ter coñecemento dos datos con posterioridade a 31/12/15. En concreto neste exercicio non proceden os **axustes correspondentes á participación dos tributos do estado** pois o Concello tiña coñecemento da entrega a conta correspondentes ao mes de decembro no propio mes de decembro de 2016 aínda que non se producirá o ingreso efectivo.

**C) Transferencias correntes e de capital.**- Os ingresos dos capítulos 4 e 7 deben computarse tomando o criterio do pagador, isto é, os importes a considerar serán os mesmos que os que o ente pagador rexistra como recoñecidos na súa contabilidade, máis a imposibilidade de poder coñecer tal situación, non se relaiza o axuste a o adoptar o criterio de recoñecemento da obriga.

**2.- AXUSTES NO ESTADO DE GASTOS.**- No estado de gastos **NON** é necesario realizar ningún tipo de **axuste**

**Aplicando os axustes sinalados anteriormente, resulta que a necesidade/capacidade de financiación real deste Concello ascende a 132.182,59 €, segundo se desprende do cadro seguinte:**

<b>Ingresos non financeiros</b>	<b>1.580.016,72</b>
<b>Dereitos Recoñecidos Netos (cap. 1 a 7)</b>	
Axuste por recaudación ingresos capítulo 1	28.219,07
Axuste por recaudación ingresos capítulo 2	0,00
Axuste por recaudación ingresos capítulo 3	- 628,80
<b>Total axustes</b>	<b>27.590,27</b>
<b>Gasto non financeiro</b>	<b>1.475.424,40</b>
<b>Obrigas Recoñecidas Netas SEC95 (cap. 1 a 7)</b>	
<b>Capacidade-necesidade de financiación SEC95</b>	<b>132.182,59</b>

#### **CUMPRIMENTO REGLA DE GASTO**

- Total gasto computable liquidación 2015..... 1.078.933,67 €
- Gastos financeiramente sostibles 2015..... - 122.872,85 €
- Límite regra de gasto..... 973.269,91 €
- Suma de capítulos 1 a 7 de gastos liquidación 2016..... 1.473.372,26 €



## Concello de Paradela

- Gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou de outras Administracións Públicas.....	- 479.314,78 €
Comunidade Autónoma.....	- 357.751,91 €
Deputacións.....	- 121.562,87 €
- Recuperación paga extra ano 2012.....	-11.619,91 €
- Total gasto computable exercicio 2016.....	973.038,77 €
<b>Cumprimento da regra de gasto por importe de.....</b>	<b>231,14 €</b>

**NIVEL DE DÉBEDA VIVA A 31-12-2016 ..... 156.456,81 €**

### CONCLUSIÓNS.

**PRIMEIRO.-** O Concello de Paradela **cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, tendo unha capacidade de financiación de 132.182,59 €.**

**SEGUNDO.-** O Concello de Paradela **cumpre co obxectivo de regra de gasto.**

**TERCEIRO.-** O nivel de débeda viva é de **156.456,81 €.**

Tal e como sinala o RLEO, procede elevar ao Pleno este informe xunto co expediente de liquidación do orzamento do exercicio 2016 sen máis trámite.

Paradela, a 1 de febreiro de 2017. O Secretario-Interventor, Asdo.: José López González Documento asinado electronicamente ao marxe”.

O Pleno dase por enterado.

### **5º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA INTEGRACIÓN DO CONCELLO DE PARADELA NO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E A SINATURA DO CORRESPONDENTE CONVENIO DE INTEGRACIÓN.**

O Sr. Alcalde di que unha vez rematadas as obras da Residencia, onde falta o equipamento así como modo de xestión da mesma; considera que a adhesión ao Consorcio é unha boa solución para o desenvolvemento e a súa posta en funcionamento.

Toma a palabra a voceira do Grupo Municipal Socialista, Dona Sonsoles López Izquierdo, onde di que o seu Grupo está de acordo coa adhesión e comenta que poderíase haber feito antes, para poñer en marcha outros movementos que se inclúen no Consorcio e non só a Residencia; polo que espera que se teñan en conta todas as posibilidades de desenrolo como Xantar na casa e outros.

Consta no expediente a seguinte proposta de Alcaldía:

*“Vista a execución da obra da Residencia e Centro de Día de Paradela por parte da Xunta de Galicia, sendo necesario proceder a súa dotación a sí como a xestión da mesma; tendo en conta que o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar adícase a este asunto.*

O Alcalde-Presidente, propón ao Pleno da Corporación:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a integración do Concello de Paradela no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a sinatura do correspondente Convenio de integración.



*SEGUNDO.- Aprobar os Estatutos do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (DOG do 7 de xullo de 2006).*

*TERCEIRO.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello para a execución de cantos trámites sexan pertinentes para o bo fin deste acordo e, en particular, para a subscrición dos documentos pertinentes para a formalización e desenvolvemento da incorporación ao Consorcio.*

*CUARTO.- Designar como representante deste Concello nos órganos reitores do Consorcio ao Alcalde-Presidente, D. José Manuel Mato Díaz.*

*QUIINTO.- Dar traslado do acordo que se adopte ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.*

*Paradela, 21 de marzo de 2017. O Alcalde-Presidente. Asdo: José Manuel Mato Díaz Documento asinado electronicamente ao marxe”.*

Sometése a aprobación a proposta de adhesión, que resulta aprobada pola unanimidade dos nove Concelleiros que conforman a Corporación.

**6º.- ACORDOS, QUE PROCEDAN, RESPECTO DO PROXECTO DE EXPROPIACIÓN DO ACCESO AO NÚCLEO DE TOEXE E DO PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE ACCESO A TOEXE NA PARROQUIA DE SANTALLA DE PARADELA.**

Consta no expediente a seguinte proposta de Alcaldía:

*“Visto o acordo plenario de data 24 de novembro de 2016, adoptado por unanimidade dos nove Concellerios que conforman a Corporación, polo que se aprobou inicialmente o “Proyecto de expropiación de acceso al núcleo de Toexe”, e o proxecto de obra de “Acondicionamiento y mejora de acceso a Toexe en la Parroquia de Santalla de Paradela”, se declaraba a obra de utilidade pública para a adquisición dos bens e dereitos afectados, levando implícita a necesidade de ocupación dos terreos afectados pola mesma; se aprobaba inicialmente a relación concreta e individualizada dos bens a expropiar e se sometía ao trámite de información pública polo prazo dun mes mediante a publicación no Diario Oficial de Galicia, no xornal La Voz de Galicia e no taboleiro de anuncios do Concello, aos efectos de que calquera persoa poda aportar por escrito os datos oportunos para rectificar posibles erros da relación publicada ou opoñerse, por razóns de fondo ou de forma á necesidade da ocupación; así como notificación individual a aquelas persoas que aparezan como titulares de bens ou dereitos no expediente, mediante traslado literal da correspondente folla de aprecio e da proposta de fixación dos criterios de valoración para que puideran formulara alegacións.*

*Visto que durante o prazo de exposición pública e notificación aos titulares se presentou unha alegación conxunta por parte de tres cotitulares, concretamente por D<sup>a</sup>. Marta López Armesto; D<sup>a</sup> Perfecta Armesto Rodríguez e D<sup>a</sup> Celia López Armesto. Alegacións relativas a:*

*Primeira.- Falta de acreditación da necesidade de ocupación dos ben incluídos nas follas de aprecio notificadas.*

*Segunda.- Indebida inclusión de muros de peche e alteración do curso natural*

das augas.

*Terceira.- Falla de valoración a precios de mercado dos terreos.*

*Cuarta.- Afectación de dereitos de servidume voluntaria da titularidade de terceiros.*

*Ao abeiro das alegacións presentadas, emitiuse polos servizos técnicos da Corporación, o seguinte informe: “MANUEL EDUARDO LÓPEZ VÁZQUEZ, arquitecto colegiado 1508, en calidad de consultor y asistente técnico urbanista en las áreas de urbanismo, arquitectura y obras del Concello de Paradela,*

*En relación con las alegaciones presentadas por Doña Marta López Armesto y otros, en relación con el expediente de expropiación del acceso al núcleo de Toexe, se emite el siguiente informe,*

***1.- Sobre alegación de falta de necesidad de ocupación de los bienes incluídos en las hojas de aprecio.***

*El concello de Paradela dispone de planeamiento propio, siendo de aplicación la disposición transitoria primera de la LEY 2/2016, para municipios con planeamiento no adaptado.*

*De acuerdo con el planeamiento municipal, el suelo en el que se ubican los terrenos que pretenden expropiarse en el ámbito del proyecto de mejora de accesos se clasifican como SUELO DE NÚCLEO RURAL. De acuerdo con la transitoria primera de la LEY 2/2016, es de aplicación el régimen establecido en el planeamiento propio.*

*El planeamiento, en el ámbito del núcleo rural, establece las alineaciones, en las que se contempla la ampliación del viario de acceso al núcleo de Toexe por su parte norte. **El grafismo de la cartografía del PXOM, determina el estado actual del viario y la ampliación prevista, estableciendo y señalando las alineaciones.***

*El proyecto de urbanización presentado, que motiva la expropiación, se ajusta estrictamente a las alineaciones establecidas en el planeamiento aprobado definitivamente, contemplando la ampliación del ancho viario en ambos márgenes en los términos de dicho planeamiento.*

***Por tanto se cumple lo dispuesto en el Artículo 85, resultando que la aprobación del PXOM determina la declaración de utilidad pública y la necesidad de ocupación de los bienes y derechos afectados a los fines de expropiación o imposición de servidumbres.***

*En su momento, atendiendo a la urgente necesidad de dotar de accesibilidad al núcleo rural, y a las limitaciones económicas del ayuntamiento, se valoró la opción de realizar una actuación parcial, con ampliación un uno de los márgenes y ajustándose a la alineación establecida en el planeamiento para dicha margen. **No obstante, la elaboración de un proyecto de urbanización, y la instrucción del correspondiente expediente de expropiación, obliga a contemplar la ejecución del vial en los términos estrictos del planeamiento, con la sección viaria en él establecida, y el ajuste a las alineaciones por ambas márgenes.***

***2.- Alegación de indebida inclusión de muros de cierre y alteración del curso natural de augas.***

*Con la salvedad de que en la tramitación del expediente habrán de solicitarse todas las autorizaciones sectoriales que fuesen obligadas, y, a la vista de la cartografía consultada y del planeamiento propio, **no consta la existencia de un curso natural de***

**agua, de los previstos en la legislación sectorial, en el ámbito de los bienes ocupados o de las obras proyectadas.**

**En todo caso, en las hojas de justiprecio del proyecto de expropiación constan los bienes y derechos a expropiar y su valoración.**

**3.- Alegación de falta de valoración a precios de mercado de los terrenos.**

*El proyecto de expropiación utiliza una metodología para el análisis y obtención del precio unitario de los terrenos mediante el método residual estático, habiéndose obtenido testigos del valor de venta del mercado que se consideran adecuados.*

**La concreción del alegante, aduciendo que no son comparables los valores unitarios del terreno de las tres fincas, se considera improcedente. Los valores unitarios se consideran similares, a la vista de las condiciones urbanísticas y de acceso asimilables en todos los casos.**

**4.- Alegación de afección a derechos de servidumbre voluntaria de la titularidad de terceros.**

**Ni el proyecto de urbanización, ni la consecuyente ocupación de los terrenos, afectan a los referidos inmuebles. La evacuación de pluviales y las servidumbres referidas, no están afectadas por las obras proyectadas.**

*Ao abeiro do anterior, por parte do Alcalde-Presidente, propón ao Pleno da Corporación:*

*PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións presentadas por D<sup>a</sup>. Marta López Armesto; D<sup>a</sup> Perfecta Armesto Rodríguez e D<sup>a</sup> Celia López Armesto, en relación co expediente de expropiación dos bens e dereitos, polos motivos expresados no informe emitido polo técnico municipal e transcrito literalmente con anterioridade.*

*SEGUNDO.- Aprobar definitivamente o “Proyecto de expropiación de acceso al núcleo de Toexe”, e o proxecto de obra de “Acondicionamiento y mejora de acceso a Toexe en la Parroquia de Santalla de Paradela”.*

*TERCEIRO.- Notificar o presente acordo aos interesados propietarios e titulares de bens e dereitos que figuran no expediente, outorgándolle un prazo de vinte días, durante o cal poderán manifestar por escrito ante o órgano expropiante a súa desconformidade coa valoración establecida no expediente aprobado.*

*Se os interesados non formularen oposición á valoración no citado prazo de vinte días, entenderase aceptada a que se fixou no acto aprobatorio do expediente, entendéndose determinado o xustiprezo definitivamente e de conformidade.*

*CUARTO.- Trasladar o expediente ao Xurado de Expropiación de Galicia para a fixación do xustiprezo no caso de que os interesados manifestasen a súa desconformidade coa valoración contida na folla de aprecio.*

*Paradela, 27 de marzo de 2017. O Alcalde-Presidente. Asdo: José Manuel Mato Díaz Documento asinado electronicamente ao marxe”.*

**Sen que se produza debate algún, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos nove Concelleiros que conforman a Corporación.**

**7º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ORDENANZA REGULADORA DA VENDA AMBULANTE.**

O Sr. Alcalde di que o obxecto fundamental da Ordenanza, é a regulación da venda no Camiño de Santiago, para evitar problemas que xurdiron noutros Concellos do Camiño e que os concellos que forman parte da Mancomunidade do Camiño Francés está a regular de xeito conxunto e nos mesmos termos.

Dona Sonsoles López, intervén dicindo se a Ordenanza non leva aparelada unha ordenanza fiscal.

O Sr. Alcalde di que non, polos problemas de control así como de cobro que se producirían, se ben a porta de aprobar unha ordenanza fiscal sempre está aberta.

Consta no expediente a seguinte proposta de Alcaldía:

*“Vista a Memoria de Alcaldía, o texto da ordenanza, así como o informe obrante no respectivo expediente.*

*Debido a que no Concello non dispón de normativa actualizada ao efecto, e para poder garantir, dunha parte, a realización desta actividade no marco dos principios que inspiran a regulación da actividade comercial e, de outra, o respecto e garantía dos lexítimos dereitos dos consumidores e usuarios e a racionalización da oferta en función da capacidade de consumo da poboación pero sen esquecer o contexto social no que se desenvolve e que xustifica a limitación do número de autorizacións ás persoas físicas e xurídicas, é preciso a aprobación da ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA VENDA AMBULANTE, o Alcalde que suscribe, propón ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:*

*PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a ORDENANZA REGULADORA DE VENTA AMBULANTE NO CONCELLO DE PARADELA, segundo consta no expediente.*

*SEGUNDO.- Expor ao público o expediente e conceder audiencia aos interesados, por prazo de trinta días a efectos de reclamacións e suxerencias, conforme o preceptuado no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.*

*TERCEIRO.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra a mesma, considerárase definitivamente aprobada, debendo publicarse o Regulamento e a Ordenanza completa no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste Concello.*

*CUARTO.- A Ordenanza entrarán en vigor transcorrido o prazo previsto no art. 65.2 de la Ley 7/1985, de 2 de abril unha vez se produza a súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia.*

*Paradela, 22 de marzo de 2017. O Alcalde-Presidente. Asdo: José Manuel Mato Díaz Documento asinado electronicamente ao marxe”.*

**ORDENANZA REGULADORA DA VENDA AMBULANTE NO CONCELLO DE  
PARADELA**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*A venda ambulante entendida como a realizada fora dun establecemento comercial permanente a través de mercados ou feiras ten unha ampla tradición e*

raizame no Concello de Paradela.

*Na actualidade o mercado celebriase con carácter regular tódolos días quince de cada mes contando cunha media de aproximadamente 30 postos.*

*Nos últimos tempos, debido o auxe do Camiño de Santiago Francés, vese incrementado o número de solicitudes ou consultas para poder realizar a venda ambulante ao longo do mesmo.*

*Debido a que no Concello non dispón de normativa actualizada ao efecto, e para poder garantir, dunha parte, a realización desta actividade no marco dos principios que inspiran a regulación da actividade comercial e, de outra, o respecto e garantía dos lexítimos dereitos dos consumidores e usuarios e a racionalización da oferta en función da capacidade de consumo da poboación pero sen esquecer o contexto social no que se desenvolve e que xustifica a limitación do número de autorizacións ás persoas físicas e xurídicas.*

*A Directiva 2006/123/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, impón aos Estados a obriga de eliminar todas as trabas xurídicas e barreiras administrativas inxustificadas á liberdade de establecemento e de prestación de servizos que se contemplan nos artigos 49 e 56 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea (TFE) respectivamente.*

*A súa incorporación ao ordenamento xurídico español conduce á modificación da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de Ordenación do Comercio Retallista, e ineludiblemente á reforma dos conseguíntes desenvolvementos regulamentarios, co obxecto de axeitar o seu contido ás esixencias de supresión de trámites innecesarios e de simplificación de procedementos administrativos no outorgamento das autorizacións pertinentes en materia de comercio.*

*Aínda que con carácter xeral as actividades de servizos de distribución comercial non deben estar sometidas a autorización administrativa previa, no relativo ao exercicio da venda ambulante ou non sedentaria considerouse necesario o seu mantemento así como a introdución de certas modificacións, que a continuación expóranse, na medida que este tipo de actividade comercial require do uso de solo público que debe conciliarse con razóns imperiosas de interese xeral como a orde pública, a seguridade e a saúde pública.*

*Por outra banda, dada a escaseza de solo público dispoñible, o número de autorizacións deberá ser necesariamente limitado. Por iso, o procedemento de concesión debe ser público e transparente de xeito que, a pesar de que as autorizacións teñan unha duración limitada no tempo, poidan proporcionar un resarcimento xusto dos investimentos acometidas polos seus titulares.*

*Por todo o exposto establécese a necesidade de crear unha lexislación mediante unha ordenanza municipal adaptándose a regulación vixente aos principios e obxectivos da Directiva Europea 2006/123, do 12 de decembro, relativa aos servizos no mercado interior e a lexislación estatal e autonómica pola que se traspón ao dereito interno a Directiva de Servizos, nomeadamente:*

*- Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizo e ao seu exercicio.*

- Lei 1/2010, do 1 de marzo, de reforma da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de Ordenación do Comercio Comerciante polo miúdo.

- Real decreto 199/2010, do 26 de febreiro, polo que se regula o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria.

- Lei 13/2010 do 17 de decembro do Comercio Interior de Galicia.

- Real Decreto-Lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da concorrència.

- Lei 3/2014, de 27 de marzo, pola que se modifica o texto refundido da Lei Xeral para a Defensa dos Consumidores e Usuarios.

- Real Decreto-Lei 8/2014, de 4 de xullo, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a concorrència e a eficiencia.

## **Capítulo I. DISPOSICIÓNS XERAIS**

### **Artigo 1.- Títulos competenciais.**

A presentación ordenanza dítase en virtude das competencias que se atribúen ao municipio segundo se dispón nos artigos 25.2. e 84.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; 22 a 27 da Lei 10/1988, de 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia; nos artigos 1 e 5 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e polos artigos 13 e seguintes do Decreto 194/2001, de 26 de xullo, de ordenación de venda ambulante.

### **Artigo 2.- Obxecto.**

Esta ordenanza ten por obxecto regular, con carácter xeral, a venda que se realice polos comerciantes fóra dun establecemento permanente, de forma habitual, ocasional, periódica ou continuada, dentro do termo municipal, en instalacións desmontables ou transportables, así como en vehículos tenda.

Ademais do disposto pola presente ordenanza, a venda ambulante rexeráse polo establecido na Lei 10/1988, de 20 de xullo, de Ordenación do Comercio interior de Galicia, no Decreto da Consellería de Industria e Comercio 194/2001, de 26 de xullo de ordenación da venda e polas normas sectoriais reguladoras da venda e comercialización de cada produto en concreto, en especial os regulamentos técnico sanitarios aplicables á produción e comercialización de cada produto.

### **Artigo 3.- Concepto e modalidades de venda ambulante.**

Considérase venda ambulante a realizada polos comerciantes fóra dun establecemento comercial permanente, de forma habitual, ocasional, periódica ou continuada, en instalacións desmontables ou transportables, incluídos os camións-tenda e demais vehículos de venda ambulante.

A venda ambulante só poderá realizarse baixo as seguintes modalidades:

- Venda ambulante en mercados periódicos: Son aqueles que se celebran con periodicidade preestablecida, xa sexa con ocasión da celebración de feiras tradicionais ou especificamente como mercado ambulante.

- Venda ambulante en mercados ocasionais: Son aqueles que se celebran de maneira non periódica en razón a festas ou acontecementos populares.

- Venda ambulante en camións-tenda con carácter itinerante nos lugares e

cos itinerarios que se autoricen polo Concello.

#### **Artigo 4.- Exclusiones.**

De conformidade con canto se establece polo artigo 2.4 do Decreto 194/2001, de 26 de xullo non terá consideración de venda ambulante.

- Actividades comerciais reguladas pola Lei 1/1996, de 5 de marzo, de actividades feirais de Galicia e as normas de desenvolvemento.
- Venda directa exercida polos agricultores do termo municipal ou nos termos limítrofes, limitada á súa propia produción.
- Venda de obxectos artesáns realizados polos propios produtores, con motivo de festas, feiras ou acontecementos populares.
- Venda puramente ocasional de xornais, plantas e flores, así como de obxectos usados de pertenza particular do vendedor.

Tampouco teñen a consideración de venda ambulante a venda a distancia nin a venda automática mediante máquinas preparadas para este efecto.

Non obstante o exposto, os agricultores e artesáns que realicen este tipo de venda utilizando as vías públicas están suxeitos ás normas de funcionamento establecidas na presente ordenanza así como ás obrigas que se indican no Capítulo IV e, se é o caso, ao réxime de infraccións e sancións do Capítulo V.

#### **Artigo 5.-Produtos cuxa venda se autoriza.**

- Produtos autorizados nos mercados periódicos ou ocasionais: Poderán ser ofrecidos á venda artigos téxtiles, de artesanía, bixutería, marroquinería, calzado, confección, droguería, artigos de coiro ou pel, de ornato de pequeno volume, así como produtos alimenticios que non estean expresamente prohibidos pola normativa vixente.

- Produtos dos que a venda se autoriza en camións-tenda: Pan, froita, queixos, produtos envasados, peixe fresco e conxelado, refrescos, xeados, bocadillos, churros, así como outros produtos alimenticios nos que a súa venda en réxime de ambulancia estea autorizada pola normativa estatal ou autonómica aplicable a estes.

## **Capítulo II. NORMAS DE FUNCIONAMENTO**

#### **Artigo 6.- Mercados ocasionais e camións-tenda.**

A organización, intervención e inspección da venda ambulante correspóndelle ao Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue.

Mediante resolución da Alcaldía fixaranse os días de celebración dos mercados ocasionais, así como o lugar ou lugares e horarios de celebración destes.

A venda en vehículos-tenda poderá realizarse en días laborais, das 9 ás 20 horas.

A venda ambulante na modalidade de vehículos tenda só poderá autorizarse nos núcleos rurais de poboación, en datas fixas e lugares determinados, gardando como mínimo unha distancia de separación de 50 metros a calquera establecemento comercial fixo coa regulamentaria licenza de actividade ou título habilitante municipal, excepto en festas, feiras ou días especiais sinalados mediante Resolución da Alcaldía ou concelleira en que delegue.

A venda ambulante na modalidade de vehículos tenda nos núcleos rurais de

poboación disposto o longo da trazado do Camiño de Santiago Francés no Concello de Paradela, só poderá autorizarse previa autorización da Consellería competente en materia de conservación do Patrimonio Cultural segundo artigo 45 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio cultural de Galicia.

Queda prohibido en todo o Concello a venda ambulante que non se axuste o contido da presente ordenanza, asemade, queda prohibida a venda ambulante ao longo do Camiño de Santiago que discorre polo termo municipal de Paradela. A prohibición acada tanto as instalacións que se pretendan ubicar no Camiño, lugar público como en terreos particulares colindantes co mesmo.

Para a delimitación de núcleo rural de poboación estarase o disposto na normativa urbanística vixente de aplicación.

#### **Artigo 7.- Mercados periódicos.**

O mercado periódico no Concello de Paradela celebrarase nas rúas Cabaleiros de Santiago, Praza do Mercado e Praza Fraga Iribarne Rúa da Feira, os días quince de cada mes e co seguinte horario de 8:00 a 15:00 h.

Os lugares de colocación dos postos de venda serán obxecto de sinalización na correspondente autorización e a venda só poderá efectuarse no lugar asinado.

Para supostos ou eventos excepcionais, por resolución da Alcaldía, poden habilitarse espazos distintos dos sinalados.

Os postos desmontables non poderán situarse en accesos a edificios de uso público, establecementos comerciais, nin en lugares que dificulten o acceso e a circulación peonil.

#### **Artigo 8.- Requisitos xerais de produtos e postos.**

Os produtos frescos que vendan deberán estar en perfectas condicións hixiénicas e de calidade, sen que poidan ocasionarse riscos para a saúde ou seguridade dos consumidores.

Deberán impedirse que os produtos alimenticios estean en contacto co chan, debendo adoptarse as medidas precisas de protección manual mediante luvas, tanto para o vendedor como para os compradores co fin de impedir o contacto directo das mans cos produtos.

Os utensilios que se utilicen para a venda de produtos alimenticios, sen envasar, así como os mostradores, deberán estar en perfectas condicións hixiénicas.

#### **Artigo 9.- Requisitos dos vehículos tenda**

Os vehículos-tenda deberán cumprir os seguintes requisitos:

En todo caso deberán contar con furgón separado fisicamente da cabina do condutor, e non poderán colocar aparellos tales como publicidade, mesas, cadeiras e similares fora da superficie autorizada.

Vehículos destinados á venda de peixe fresco: deberán contar coas seguintes especificacións técnicas:

- Vehículo isotermo homologado.
- Xeo cunha temperatura no centro das pezas entre 0 e 7 graos centígrados.
- Inclinación do chan para evacuación da auga de fusión.
- Superficies interiores lisas e unións redondeadas.
- Bidón auxiliar de auga potable en cantidade suficiente, toallas dun só uso e





## Concello de Paradela

xabón líquido.

- Caldeiro para residuos ou bolsas de plástico.

Vehículos para a venda de peixe conxelado: deberán contar coas seguintes especificacións técnicas:

- Vehículo frigorífico homologado.
- Temperatura dos produtos igual ou inferior a -18 graos centígrados.
- Rexistro gráfico de temperatura
- Superficies lisas e unións redondeadas.

Vehículos para a venda de masas fritas e outros produtos similares: deberán contar coas seguintes especificacións técnicas:

- As unidades básicas de venta destinadas a expedición de masas fritas deberán contar con dispositivo ou sistema de extracción de fumes e mitigación de olores que permita a súa eliminación ambiental efectiva, que conte co correspondente visado oficial, e que requirirá previa conformidade por parte dos Servizos Técnicos Municipais.

- Queda prohibida a comercialización para consumo humano de aceites e graxas xa utilizados.

- Os aceites e graxas quentes e usados almacenaranse en recipientes adecuados e de uso exclusivo. En ningún caso serán vertidos a rede de rede de sumidoiros público ou contedores de lixo, sendo o seu destino a recollida por empresas autorizadas.

- Queda prohibida a utilización de graxas animais ou vexetais solas mesturadas con aceites vexetais autorizados.

- Queda prohibido refreir os produtos.

- Queda prohibido envolver os produtos con materiais como papeis de periódico, impresos, etc..., excluíndose o papel impreso novo que leve consignado o nome ou outras indicacións referentes ao produto ou vendedor sobre a cara que non vaia estar en contacto co alimento.

- Queda expresamente prohibida a venda de masa fritas con recheo, artigos de docería, pastelería, bolería e repostería, e demais produtos distintos dos autorizados.

Aparatos de combustión:

- Prancha alimentada con gas butano: Deberase dispor e achegar certificado de revisión por empresa autorizada sobre os aparatos de combustión.

- Ventilación inferior da instalación.

- Extintor do CO2 de 5 kg de carga.

- Prancha alimentada con electricidade:

- Magnetotérmico de 25 AMP.

- Diferencial de 25 AMP e 30 msa de sensibilidade

- Cable de 6 mm e illamento segundo norma UNE

- Extintor do CO2 de 5 kg de carga.

- Os puntos anteriores terán ventilación natural cruzada do posto.

- Os extintores terán contrato en vigor e revisión anual.

Vehículos para a venda de bocadillos, refrescos e outros produtos alimentarios que reúnan as condicións sanitarias para a súa expedición na vía pública: deberán contar coas seguintes especificacións técnicas:

- Contara cos medios e instalacións necesarias para o almacenamento e



*recollida selectiva dos residuos que a actividade xera, especialmente aqueles susceptibles de reciclarse. Os aceites e graxas quentes e usados almacenaranse en recipientes adecuados e de uso exclusivo. En ningún caso serán vertidos a rede de rede de sumidoiros público ou contedores de lixo, sendo o seu destino a recollida por empresas autorizadas.*

*- As unidades básicas de venta destinadas a produtos fritos deberán contar con dispositivo ou sistema de ex racción de fumes e mitigación de olores que permita a súa eliminación ambiental efectiva, que conte co correspondente visado oficial, e que requirirá previa conformidade por parte dos Servizos Técnicos Municipais.*

*- Queda prohibida a comercialización para consumo humano de aceites e graxas xa utilizados.*

*- Queda prohibida a utilización de graxas animais ou vexetais solas mesturadas con aceites vexetais autorizados.*

*- Queda prohibido refreir os produtos.*

*- Queda prohibido envolver os produtos con materiais como papeis de periódico, impresos, etc..., excluíndose o papel impreso novo que leve consignado o nome ou outras indicacións referentes ao produto ou vendedor sobre a cara que non vaia estar en contacto co alimento.*

*- Queda expresamente prohibida a venta de masa fritas con recheo, artigos de docería, pastelería, bollería e repostería, e demais produtos distintos dos autorizados.*

*O establecemento disporá do material e produtos necesarios para a limpeza e hixiene do local, os cales se almacenarán separadamente de calquera produto alimenticio ou alimentario.*

*En caso de dispensar produtos alimenticios perecedoiros, deberase dispor das adecuadas instalacións frigoríficas, termómetros contrastados, os produtos deberán estar debidamente envasados ou protexidos con materiais autorizados (R.S.I.) e, disporán de lavamáns de accionamento non manual con mestura de auga fría e quente.*

### **Capítulo III. MODALIDADE DE INTERVENCIÓN**

#### **Artigo 10.- A autorización previa**

*1. A venda ambulante constitúe un servizo que para o seu exercicio polos comerciantes esixe o uso especial do dominio público local, en especial na súas modalidades de mercadillos habituais ou non, con incidencia directa na seguridade viaria polo uso que para esa se fai das prazas e rúas, e na saúde pública, de maneira que todo control a posterior do seu exercicio devén ineficaz. As razóns imperiosas de interese xeral que concorren nesta actividade xustifican o réxime de autorización previa que se establece na presente ordenanza.*

*O exercicio da venda ambulante, en calquera das súas modalidades, requirirá a previa autorización municipal correspondente, que será expedida polo Sr. Alcalde-Presidente ou órgano municipal no que delegue.*

*2. A autorización terá unha vixencia de CINCO ANOS, período que se considera suficiente para amortizar os custes en que se incorre polos vendedores, en especial nos supostos de vehículos tenda.*

*3. Atendendo á limitación do número de autorizacións e á temporalidade destas, a concesión delas estará sometida ao réxime de competencia competitiva.*



**Artigo 11.- Da solicitude de autorización.**

1. Poden exercer a actividade de venda ambulante as persoas físicas e xurídicas que teñan capacidade xurídica e de obrar e sexan titulares da autorización previa municipal.

As persoas interesadas na obtención da correspondente autorización municipal para o exercicio da venda ambulante, presentarán ante o Concello **solicitude** de acordo co modelo normalizado que figura no **anexo I** da presente ordenanza, especificando os seus datos persoais e produtos que pretende comercializar.

2. Á solicitude deberá unirse unha **declaración responsable**, segundo o modelo establecido no **anexo II** desta ordenanza, na que se fará constar necesariamente os seguintes extremos:

a) Que cumpre todos os requisitos establecidos para o exercicio da venda ambulante na Comunidade Autónoma de Galicia e que está inscrito no Rexistro de Comerciantes Ambulantes de Galicia, regulado polo decreto 199/2001 de 26 de xullo, e que tal inscrición está vixente na data da declaración.

b) Que está en posesión da documentación que así o acredita a partir do comezo da actividade.

c) Que se compromete a manter o seu cumprimento no prazo da vixencia da autorización.

A declaración responsable, comprenderá, ademais, os seguintes extremos:

- Estar dado de alta no epígrafe correspondente do imposto de actividades económicas e ao corrente no pagamento da tarifa.

A circunstancia de estar dado de alta e ao corrente do pagamento do imposto de actividades económicas ou, se é o caso, no censo de obrigados tributarios, deberá ser acreditada a opción do interesado, ben por el mesmo ou ben mediante autorización á Administración para que verifique o seu cumprimento.

- Estar ao corrente no pagamento das cotizacións da Seguridade Social.

- Reunir as condicións esixidas pola normativa reguladora do produto ou produtos obxecto da venda ambulante ou non sedentaria.

- No caso de estranxeiros, deberá acreditarse, estar en posesión do permiso de residencia e de traballo, ou documentación que xustifique que está en trámite de obtela ante o organismo competente, así como os devanditos permisos.

- Cando o venda se realice por persoa distinta do titular da licenza, será necesaria a credencial do correspondente contrato laboral e alta na seguridade social.

3. Coa declaración responsable deberán achegarse os documentos acreditativos do cumprimento dos requisitos establecidos no parágrafo anterior que poderán ser substituídos pola credencial de estar inscrito no Rexistro de Comerciantes Ambulantes de Galicia, agás o que se prevé na letra f), as como a demais documentación solicitada no anexo II desta ordenanza.

**Artigo 12.- Criterios para a adjudicación de postos de venda ambulante en mercadillos periódicos e ocasionais.**

Atendendo á limitación do número de autorizacións e a temporalidade das mesmas para a súa concesión articularase un procedemento de concorrencia competitiva. O procedemento concorrencia será convocado polo señor Alcalde-Presidente quen tamén aprobará as bases que rexerán a convocatoria.

Entre os criterios a ter en conta estarán os seguintes:



## Concello de Paradela

- A experiencia demostrada no exercicio da profesión que asegure a correcta prestación da actividade comercial.
- A dispoñibilidade de instalacións desmontables adecuadas e proporcionais ao desenvolvemento da actividade comercial ambulante.
- No seu caso, estar en posesión do carné profesional de comerciante ambulante expedido pola Comunidade Autónoma ou haber solicitado a inscrición no Rexistro de comerciantes ambulantes de Galicia.
- As dificultades para o acceso o mercado laboral do solicitante.
- Número de persoas dependentes economicamente do solicitante.
- Estar en posesión de algún distintivo de calidade recoñecido no ámbito do comercio ambulante.
- A participación do solicitante en cursos, xornadas, conferencias ou outras actividades en materia de comercio ambulante.
- O feito de non ter sido sancionado polo exercicio da venda ambulante no municipio.

### **Artigo 13.- Da autorización de venda ambulante.**

A autorización municipal será persoal e acreditarase mediante a entrega da correspondente tarxeta, segundo o modelo do Anexo II no que se fará constar:

- Nome e apelidos do titular, domicilio e DNI/NIF.
- Actividade que desenvolve e artigos de venda.
- Lugares e itinerarios para os que se autoriza a venda ambulante. A autorización sinalará no caso dos mercadillos a dimensión do posto adjudicado.
- Determinación do número de persoas habilitadas para a venda baixo a dependencia do titular da autorización.
- Referencia á obriga de cumprir a normativa xeral de ordenación do comercio, disciplina de mercado e protección do consumidor.
- Condicións particulares ás que, se é o caso, quede suxeito o titular.
- Período de vixencia da autorización.

O devandito carné ou copia cotexada deste, deberá ser exhibido polo comerciante durante o exercicio da actividade.

Poderán exercer a actividade, ademais do titular, o seu cónxuxe e fillos autorizados no carné e as persoas vinculadas ao titular mediante contrato laboral.

A solicitude resolverase no prazo de UN MES. De non recibir notificación da resolución expresa no prazo indicado entenderase que a solicitude foi desestimada por silencio negativo, atendendo canto establece o artigo 43 da Lei 30/1992, xa que a súa concesión supón transferir ao solicitante facultades sobre o dominio público local e afecta ás razóns imperiosas de interese xeral invocadas no artigo 10.1 desta ordenanza.

A autorización será transmisíbel nos termos do artigo 3.2 do real decreto 199/2010, do 26 de febreiro. A transmisión non afectará o seu período de vixencia, que se manterá polo tempo que reste ata a finalización do prazo de duración.

O Concello de Paradela poderá comprobar e inspeccionar, en todo momento, os feitos, actividades, transmisións e demais circunstancias da licenza concedida, notificando, se é o caso, aos órganos autonómicos de defensa da competencia os feitos dos cales teñan coñecemento no exercicio das súas funcións que poidan constituír infracción da lexislación de defensa da competencia.

#### **Capítulo IV. OBRIGAS**

##### **Artigo 14.- Taxas.**

*A venda ambulante, en todas as modalidades, devengará a taxa que, se é o caso, se impoña e regule mediante a correspondente ordenanza fiscal.*

##### **Artigo 15.- Obrigas.**

*Son obrigas dos titulares das autorizacións para o exercicio da venda ambulante así como calquera persoa que ocupe a vía pública para a venda, as seguintes:*

- Ter colocada a lista de prezos en lugar visible para os consumidores.*
- Ter colocada en lugar visible a tarxeta municipal de vendedor ambulante autorizado.*
- Deixar limpo de residuos, desperdicios ou envoltorios o espazo do posto concedido no suposto de mercados ocasionais.*
- Exercer pública e pacificamente a actividade sen producir molestias aos veciños.*
- Acatar as ordes da Autoridade municipal ou da persoa encargada da boa orde de desenvolvemento da actividade facilitando toda a documentación que lle sexa requirida.*
- Reparar os desperfectos que se ocasionen nos bens de titularidade municipal.*
- Cumprir as disposicións da presente ordenanza e de todas aquelas obrigas que se deriven de cantas disposicións legais e regulamentarias fosen de aplicación.*
- Así mesmo, queda prohibido usar aparellos de megafonía que polo seu volume molesten aos veciños.*

#### **Capítulo V. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

##### **Artigo 16.- Competencia sancionadora.**

*Segundo a lexislación vixente correspóndelle ós Concellos a inspección e sanción en materia de venda ambulante, sen prexuízo das competencias atribuídas a outras administracións.*

*As infraccións da presente ordenanza serán sancionadas segundo a normativa vixente, logo da instrución do expediente sancionador que será resolto polo Alcalde.*

*Serán de aplicación ás infraccións recollidas nesta Ordenanza, as regras e principios sancionadores contidos na lexislación xeral sobre réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.*

*En ningún caso se poderá impoñer una dobre sanción polos mesmos feitos e en función dos mesmos intereses públicos protexidos, se ben deberán esixirse as demais responsabilidades que se deduzan doutros feitos ou infraccións concorrentes.*

##### **Artigo 17.- Clasificación das infraccións.**

*As infraccións poden ser leves, graves ou moi graves.*

*Son infraccións **leves** as seguintes:*

- Incumprimento do horario.*
- Incumprimento das obrigas de información ou publicidade fronte aos adquirentes: falta de lista de prezos ou tela en lugar non visible para o público.*



## Concello de Paradela

- Incumprimento do deber de exhibir a autorización municipal para o exercicio da venda ambulante (tarxeta municipal de vendedor ambulante autorizado)
- Calquera outra infracción da presente ordenanza que non estea expresamente tipificada como infracción grave ou moi grave.

### Son infraccións **graves**:

- A reiteración ou reincidencia nunha falta leve
- Exercer a actividade por persoa non autorizada.
- A negativa ou resistencia a subministrar datos ou facilitar a información requirida polas autoridades competentes ou polos seus axentes para o cumprimento das funcións de información, vixilancia, investigación, tramitación e execución; así como o subministro de información inexacta ou documentación falsa.
- O depósito de mercadorías fóra do camiión-tenda.
- A venda fóra do lugar autorizado.
- Non deixar limpo ao remate do mercado o espazo ocupado polo posto.
- Verter directamente na rúa auga ou outros líquidos da cocción do polbo ou dos empregados para a limpeza xeral do posto.
- Non cumprir as normas de seguridade das instalacións e elementos.

### Son infraccións **moi graves**:

- Reiteración ou reincidencia en calquera falta.
- Venda de artigos non autorizados, caducados ou en deficientes condicións hixiénico- sanitarias.
- Infraccións en materia sanitaria tanto no que respecta ao vehículo como aos produtos vendidos.
- A venda ambulante sen autorización ou con ela caducada.

### **Artigo 18.- Reincidencia.**

Entenderase que existe reincidencia, cando se cometa unha infracción análoga á que motiva a sanción anterior no prazo do ano seguinte ao da notificación desta. En tal suposto requirirase que a primeira resolución sancionadora tivera adquirido firmeza en vía administrativa.

### **Artigo 19.- Sancións.**

Pola comisión de infraccións poderán impoñerse as seguintes sancións:

- Por infracción leve: Multa de ata 300,00 euros.
- Por infracción grave: Multa de entre 300,00 euros e 900,00 euros.
- Por infracción moi grave: Multa de entre 900,00 euros e 1.500,00 euros.

Como sanción accesoria poderá acordarse a revogación da autorización para realizar a venda ambulante para o caso de infraccións graves e moi graves.

### **Artigo 20.- Graduación.**

Para a graduación das infraccións e sancións aplicables terase en conta a transcendencia social da infracción, o comportamento do autor, a contía global da operación obxecto de infracción, a afección á saúde, salubridade e ornato público, a contía do beneficio obtido con ela, a natureza dos produtos vendidos, a categoría e a solvencia económica do comerciante.

### **Artigo 21.- Prescrición.**

As infraccións previstas nesta Ordenanza prescribirán se son leves aos dous



## Concello de Paradela

meses, se son graves ao ano e as moi graves aos dous anos.

### **Disposición adicional primeira.-**

Os agricultores e gandeiros que vendan directamente os seus propios produtos non necesitarán autorización municipal de venda ambulante aínda que si deberán respectar as normas de funcionamento do mercado.

### **Disposición transitoria primeira.-**

As autorizacións en vigor na data de aplicación desta ordenanza, conservarán a súa vixencia durante os cinco anos seguintes contados desde a data de entrada en vigor desta ordenanza.

### **Disposición final.-**

A presente ordenanza entrará en vigor logo da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e teñan transcorridos os quince días a que fai referencia o artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Paradela, 22 de marzo de 2017. O Alcalde-Presidente. Asdo: José Manuel Mato Díaz Documento asinado electronicamente ao marxe”.

## **ANEXO I SOLICITUDE**

### **DATOS PERSOAIS:**

Primeiro Apelido:	Segundo Apelido:	Nome:
DNI.:	Tel Fixo:	Tel Móbil:
Correo electrónico:		
Domicilio a efectos de notificacións:		

### **EN REPRESENTACIÓN DE (SE É O CASO):**

Primeiro Apelido:	Segundo Apelido:	Nome:
DNI.:	Tel Fixo:	Tel Móbil:
Correo electrónico:		
Domicilio a efectos de notificacións:		

### **EXPOÑO:**

Que considerando que cumpre os requisitos esixidos na lexislación vixente de aplicación así como na ordenanza reguladora da venda ambulante deste Concello.

### **SOLICITO:**

Autorización para actividade que vou levar a cabo no Concello de Paradela de venda ambulante ou non sedentaria cos seguintes datos identificativos:

1.- Feira o mercado no que se pretende exercer a actividade: \_\_\_\_\_

2.- Actividade, oficio e/ou produtos de venda: \_\_\_\_\_

3.- Emprazamento solicitado: \_\_\_\_\_

4.- Dimensións, expresadas en m2 e metros lineais do espazo de ocupación que pretende, indicando, para este efectos, se a venda se pretende realizar en posto desmontable ou dende vehículo ou furgón \_\_\_\_\_

5.- A matrícula, marca, modelo e cor do vehículo que se utiliza para a venda \_\_\_\_\_

Paradela, ..... de ..... de .....

(Asinado)



## Concello de Paradela

### **SR. ALCALDE DO CONCELLO DE PARADELA.**

En virtude da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro de Protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que proporcione serán tratados polo Concello de Paradela coa única finalidade de tramitar a solicitude. Poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, dirixíndose por escrito a Concello de Paradela, Rúa Cabaleiros de Santiago, 15. C.P. 27611 – Paradela (Lugo).

### **ANEXO II** **DECLARACIÓN RESPONSABLE**

#### **DATOS PERSOAIS:**

Primeiro Apelido:	Segundo Apelido:	Nome:
DNI.:	Tel Fixo:	Tel Móbil:
Correo electrónico:		
Domicilio a efectos de notificacións:		

#### **EN REPRESENTACIÓN DE (SE É O CASO):**

Primeiro Apelido:	Segundo Apelido:	Nome:
DNI.:	Tel Fixo:	Tel Móbil:
Correo electrónico:		
Domicilio a efectos de notificacións:		

#### **DATOS DA ACTIVIDADE DE VENDA AMBULANTE:**

Modalidade:
Produtos:

#### ***Declaro baixo a miña responsabilidade***

- Que cumpre todos os requisitos establecidos para o exercicio da venda ambulante na Comunidade Autónoma de Galicia e que está inscrito no Rexistro de Comerciantes Ambulantes de Galicia, regulado polo decreto 199/2001 de 26 de xullo, e que tal inscrición está vixente na data da declaración.

- Que está en posesión da documentación que así o acredita a partir do comezo da actividade.
- Que se compromete a manter o seu cumprimento no prazo da vixencia da autorización.
- Que está dado de alta no epígrafe correspondente do imposto de actividades económicas e ao corrente no pagamento da tarifa. Esta circunstancia deberá ser acreditada, a opción do interesado, ben por el mesmo ou mediante autorización á Administración para que verifique o seu cumprimento.
- Que está ao corrente no pagamento das cotizacións da Seguridade Social.
- Que o produto/os de venda reúnen as condicións esixidas pola normativa reguladora do destes para a súa venda ambulante ou non sedentaria.

- Achego a esta declaración responsable os documentos acreditativos do cumprimento dos requisitos antes declarados mediante copia destes ou, se é o caso, acreditación de estar inscrito no Rexistro de Comerciantes Ambulantes de Galicia, agás o que se prevé na letra e) do artigo 11.2 desta ordenanza.

- Achego con esta declaración copia do contrato de traballo e acreditación da alta no réxime xeral da seguridade social das persoas empregadas para o desenvolvemento da venda ambulante.

*Nota.- No caso de estranxeiros, deberá acreditarse estar en posesión do permiso de residencia e de traballo ou documentación que xustifique que está en trámite de obtela ante o organismo competente, os devanditos permisos.*

Paradela, a ..... de ..... de ..... de .. de .....

Asdo.:

Concello de Paradela

Rúa Cabaleiros de Santiago, 15, PARADELA. 27611 Lugo. Tfno. 982541101. Fax: 982541232. Correo-e: concello.paradela@eidolocal.es





## Concello de Paradela

*ADVIRTESELLE QUE consonte a lexislación vixente, a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á solicitude comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da mesma, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.*

**RISCAR A QUE PROCEDA DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR**

- Fotocopia do DNI do solicitante ou solicitantes.*
- Fotocopia do CIF do solicitante ou solicitantes.*
- Documento que acredite a capacidade do solicitante/s para actuar en nome da empresa, se é o caso.*
- Documento que acredite a situación de desempregado, se é o caso.*
- Escritura de constitución da sociedade e alta da empresa na Seguridade Social, se é o caso.*
- Fotocopia compulsada do carné de manipulador de alimentos en vigor, de ser o caso de vender produtos alimenticios.*
- Copia compulsada de póliza contratada en vigor sobre seguro de responsabilidade civil que cubra os riscos que puidesen derivarse do exercicio da actividade.*
- Certificación expedida por a xunta de Galicia da inscrición no Rexistro de Comerciantes Ambulantes de Galicia.*
- Xustificante de estar dado de Alta e ao corrente do pagamento do imposto de actividades económicas ou, se é o caso, ou ben mediante autorización á Administración para que verifique o seu cumprimento.*
- Certificación de estar ao corrente no pagamento das cotizacións da Seguridade Social .*
- De se-lo caso, nome e apelidos do cónxuxe, dos seus ascendentes ou descendentes directos maiores de 16 anos e das persoas vinculadas a el mediante contrato laboral, que desexe que quedan habilitadas para a venda ambulante.*
- No caso de camións tenda, documentación do vehículo coa indicación da clasificación, permiso de circulación , póliza de seguro do vehículo, permiso de condución da persoa que o utilice, documento acreditativo de superar a correspondente I.T.V., certificado ATP en vigor asi como calquera outra documentación técnica necesaria.*
- Copia compulsada do carné de manipulador de alimentos en vigor, se é o caso.*
- Outros*

.....  
.....

**ANEXO III**  
**DESEÑO DA TARXETA/LICENZA**

Nome  
DNI/NIF.  
Apelidos  
domicilio  
Actividade que desenvolve e artigos de venda:  
Lugares e metros cadrados do posto:  
Itinerarios, para o que se autoriza a venda ambulante (para camións-tenda):  
Persoas habilitadas para a venda:  
Condicións particulares:  
Período de vixencia da autorización: Cinco (5) anos.

Sometése a aprobación a proposta, que resulta aprobada pola unanimidade dos nove Concelleiros que conforman a Corporación.

**8º. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA CONSOLIDAR O RECURSO DAS CASAS NIÑO.**

Por parte do Sr. alcalde procédese a explicar o contido da Moción presentada polo Partido Popular, dicindo que as casa niño teñen por obxecto que menores de cero a tres anos sexan atendidos por unha persoa cualificada, no que para arrancar se precisa un mínimo de tres pequenos. No Concello hai ese número mínimo de pais que farían uso deste servizo; de feito o Concello pensou na Casa do Médico, pero precisaría de moitos arranxos, polo que optou pola posibilidade do parbulario existente ao lado do colexio, o que conlevaría ter que desafectar este ben. Ademáis o Concello é coñecedor do interés dunha persoa en prestar o servizo.

Dona Sonsoles López Izquierdo, voceira do Grupo Municipal Socialista, di que coñecen en que consiste o programa, e se unha vez de desafecte o ben, se poñería en xeral coñecemento, por se hai máis dunha persoa en prestar o servizo.

O Sr. Alcalde, di que a solicitude no lle corresponde facela ao Concello, polo que serán os interesados os que presentarán as intancias ante a Xunta.

Consta no expediente a Moción relativa as casas niño, con entrada no rexistro do Concello en data 24 de marzo de 2017, co seguinte tenor literal:

*“Monserrat Mulet Sar, concelleira do Partido Popular de Paradela, abaixo asinante, en nome propio e no do grupo municipal do PP, presenta ao Pleno, para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte MOCIÓN:*

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*A despoboación, o envellecemento e mesmo a dispersión da poboación que afecta a boa parte da nosa Comunidade Autónoma é un problema que é preciso afrontar dende un plan de actuación multidisciplinar e transversal.*

*O obxectivo principal pasa por fixar ó territorio a poboación existente e atraer novas familias, a ser posible con nenos, a ese territorio, nomeadamente naqueles*

*puntos da nosa comunidade autónoma máis afectados por esta situación (o medio rural en xeral e particularmente as comarcas do interior e de montaña), que permitan asegurar o futuro e o preciso relevo xeracional.*

*Logralo depende de que sexamos capaces de ofrecer alternativas económicas viables para manter aos mozos nesas zonas, así como infraestruturas e servizos acordes cos tempos.*

*Neste contexto as casas niño representan un dos recursos incluído na área de conciliación do Programa de Apoio á Natalidade (PAN) que está a desenvolver a Consellería de Política Social.*

*A súa aplicación, efectuada por primeira vez o pasado ano, permitiu a creación de 30 casas niño, noutros tantos concellos galegos de menos de 5.000 habitantes, que non dispoñían de ningún outro recurso de atención continuada á infancia.*

*Conlevou, polo tanto, poñer a disposición das familias 150 novas prazas de atención continuada para cativos de entre 0 a 3 anos nos municipios que máis o precisan, os que se atopan no medio rural.*

*As casas niño son, polas características establecidas na orde que as regula, un servizo de atención integral e personalizada, adaptado non só ás necesidades reais dos nenos senón tamén ao das súas familias e, ademáis, totalmente gratuito.*

*É, en consecuencia, unha ferramenta idónea para cubrir as necesidades de conciliación das familias; que favorece a equidade no acceso aos servizos con independencia do lugar de residencia; fomenta o reequilibrio territorial; impulsa e apoia as fórmulas de autoemprego e de economía social, eficaces para a dinamización económica local e, consecuentemente, para a fixación de poboación ao territorio; pon en valor cualificacións maiormente posuídas polas mulleres, o que favorece o seu acceso ao mercado laboral e contribúe tanto a promocionar a igualdade entre mulleres e homes como a frear o declive demográfico.*

*Entendemos, en definitiva, que as casas niño é un modelo axeitado para fomentar e facilitar a fixación de poboación no medio rural ao permitir a todas as familias galegas compatibilizar a súa vida laboral, familiar e persoal.*

*Por todo o exposto, o Grupo Municipal Popular, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno:*

*Instar á Xunta de Galicia a consolidar o recurso das casas niño para que, no ano 2020, todos os concellos de Galicia poidan dispoñer de recursos de conciliación”.*

*Sometése a aprobación a Moción, que resulta aprobada pola unanimidade dos nove Concelleiros que conforman a Corporación.*

## **9º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

*Non se presentaron formalmente preguntas por escrito, se ben dase a posibilidade de formulalos neste intre.*

*Dona Sonsoles López Izquierdo, voceira do Grupo Municipal Socialista, pregunta se xa está en funcionamento a traída de auga de Santa Cristina e se son os veciños ou o Concello o que vai a instalar os contadores.*

*O Sr. Alcalde expón os problemas surxidos con Fenosa, onde o día 2 de marzo se solicitou a alta e non se obtivo resposta ata o día 23 ou 24, ademáis xurdiu un problema co boletín eléctrico, pero espera que na semana que ven todo estea arranxado.*

En canto aos contadores, unha vez se solicite polos veciños, serán instalados polo Concello aplicándolle a taxa correspondente.

Dona Sonsoles López Izquierdo, voceira do Grupo Municipal Socialista, realiza unha segunda pregunta, relativa a devolución de 5.218,90 euros do convenio do Servizo de Axuda no Fogar financiado pola Deputación.

Por parte do Sr. Alcalde, explícase que se está prestando o servizo a todas as persoas que o solicitan e dende os servizos sociais se considera que deben ser beneficiarios do mesmo, de feito moitos empezan no SAF libre e acaban sendo valorados como dependentes; sinalando asemade que dende o Concello, non como sucedeu noutros Concello que empezaron prestando o servizo a moitos usuarios e posteriormente por motivos orzamentarios retiráronlle a prestación do servizo, sempre se tivo o control sobre as persoas realmente necesitadas do servizo. De feito neste ano deuse de alta a seis persoas no Servizo de Axuda no Fogar Libre; pero o incremento da financiación polo organismo provincial do ano 2015 ao 2016 foi case cinco veces superior, por todo iso o Concello non tiña gastos pola contía concedida pola Deputación.

**E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levantou a sesión sendo as trece horas e cincuenta minutos do trinta de marzo de dous mil dezasete, exténdose a presente acta da que coma Secretario-Interventor dou fe.**

**Vº e praxe**

**O Alcalde**

**Asdo.: José Manuel Mato Díaz**

**O Secretario-Interventor**

**Asdo.: José López González**

**Documento asinado electronicamente ao marxe**